

# PROTOCOLO DE PRIMARIAS

Na IV asemblea crearase o **Comité de Primarias** que regulará e coordinará o proceso entre o 20 de febreiro e o 15 de marzo.

## **A/ COMITÉ TÉCNICO**

### **1. Cómo se conforma ese comité?**

a. O comité deberá estar formado por un mínimo de **5 persoas e un máximo de 10**. Quedando excluídas as persoas que se candidaten. Estas persoas serán preferentemente aquelas que non sexan de ningunha organización política. No caso de non ser posible, o comité estará formado por un número igual de persoas militantes das organizacións políticas que queiran participar na Marea. Terán que asumir o compromiso de levar a cabo nas datas previstas as tarefas derivadas deste documento.

### **2. Cales son as competencias deste comité?**

a. O comité terá que:

- Recibir, verificar e aprobar as candidaturas presentadas.
- Recibir os votos por correo.
- Garantir que o proceso sexa aberto e igualitario.
- Elaborar e verificar o censo dos votantes.
- Participar activamente nos días da votación e efectuar o recuento e a acta das votacións.
- Establecer os mecanismos tanto telemáticos como presenciais para a difusión das candidaturas garantizando a igualdade de oportunidade para todas as persoas candidatas.
- Resolver as posibles queixas, denuncias e irregularidades.

b. No caso de existir algún baleiro no presente Regulamento a Comité poderá decidir, apoiándose, para este caso, no valor consultivo do Plenario.

## **B/ CANDIDATURAS**

### **1. Quén pode candidatar-se?**

a. As persoas que cumpran cos requisitos recollidos nos artigos 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral. Que teñan algún tipo de vínculo coa cidade.

**b.** Os candidatos deberán asumir o programa de Marea de Vigo e o compromiso de cumprir cos seus obxetivos. **(ANEXO II)**

**c.** Os candidatos deberán asumir o código ético. **(ANEXO II)**

**d.** Os candidatos deberán recibir o aval de seis persoas activas na Marea e facultadas para iso. Nin máis nin menos de seis, pra evitar diferenzas na promoción. Unha mesma persoa só poderá avala como máximo a dez candidatas/os. Estes avais serán nominais e públicos. **(ANEXO III)**

## **2. Que pasos hai que seguir para facelo?**

**a.** As persoas que desexen inscribirse como candidatas deberán aportar, en solicitude estandarizada, a seguinte información: nome e apelidos, distrito ou cidade de residencia, fotografía recente, afiliación a organizacións políticas ou militancia en colectivos organizados (información que se aportará de maneira opcional e voluntaria), unha breve pauta biográfica e unha breve pauta motivacional. O documento estándar para candidatarase estará disponible na web da marea.

**b.** Deberán enviar, ademais, unha copia asinada cos seguintes documentos que se facilitarán en anexo ao documento de candidatura:

1. Declaración xurada de asumir o programa de Marea de Vigo.
2. Declaración xurada de cumprimento do código ético.
3. Lista de persoas activas da Marea que avalan a dito candidato xunto coa sinatura de cada avalista.

**c.** As persoas que se candidaten á alcaldía poderán facelo tamén para a lista xeral, mantendo o requisito dos 6 avais. De forma que se non saen eleitas como alcade poidan participar na elección do resto da lista en igualdade de condicións. No caso de resultar a opción escollida para a alcaldía os seus votos non computarán na lista xeral.

## **3. Quen pode avala?**

**a.** Poderán avala as persoas que participasen nos grupos de traballo da Marea antes do 10 de febreiro de 2015. Abrirase un prazo de 6 días, ata o día 16 de febreiro para dar a posibilidade de ampliar esta lista. Esta lista será finalmente refrendada o día 17 de febreiro no plenario da Marea de VIgo. E presentada públicamente na Asemblea Xeral do 19 de febreiro para o coñecemento dos posibles candidatos.

## **4. Cal é o prazo para candidatarase?**

**a.** O período de postulación abranguerá dende o 20 ao 26 de febreiro.

**b.** A recepción de candidaturas será exclusivamente vía email á dirección de correo oficial que facilitará para a ocasión o Comité de Primarias.

**c.** Nese prazo recolleranse tamén as postulacións específicas de candidatos/as á alcaldía, cos mesmos compromisos previos.

**d.** O comité de Primarias unha vez verificado que os candidatos cumpren os requisitos mencionados no punto A/1 enviarán confirmación de aceptación ou denegación da candidatos, no segundo caso deberá ir acompañada da debida xustificación.

## **5. Cando se coñecen os candidatos/as?**

**a.** A lista completa farase pública o 27 de febreiro a través da páxina web da Marea e polas outras canles dispoñibles.

**b.** A información será elaborada polo comité de primarias en base ás achegas feitas polas persoas candidatas, seguindo normas de presentación que manteñan criterios de igualdade e imparcialidade.

## **C/ CAMPAÑA DE PRIMARIAS**

**a.** A campaña ás primarias abertas terá unha duración de nove días, iniciárase o 27 de febreiro e pecharase o 7 de marzo.

**b.** Establecerase un procedemento xeral para a realización da campaña por parte das candidatas/os, segundo criterios definidos polo Comité de Primarias e co respaldo do plenario.

**c.** Os/as candidatos/as non poderán utilizar medios propios e individuais que poidan supoñer unha vantaxe por diferenza de recursos ou acceso aos medios externos á Marea. O infrinximento desta norma suporía a exclusión do candidato/a do proceso electoral.

## **D/ VOTACIÓNS**

### **1. Quen pode votar nas primarias abertas?**

**a.** Calquera persoa maior de 16 anos censada, residente ou vinculada ao Concello, que dispoña de documentos identificativos e que asinase o manifesto da Marea de Vigo cando menos días antes da data de celebracións das primarias.

**b.** O comité de Primarias será o encargado de elaborar o censo que estará composto por todas as persoas que asinasen o manifesto antes do día 2 de marzo de 2015. Abrirase un período comprendido entre o día 2 e o 4 no

que os asinantes poderán enviar un correo á Marea de Vigo para comprobar que constan no rexistro do censo. Sendo responsabilidade do Comité de Primarias a subsanación dos posibles erros.

## **2. Onde e cando emitir o voto?**

- a. O día da votación será o 7 de Marzo de 2015. Nun lugar a escoller pola comisión de Primarias que deberá ser comunicado previamente.
- b. O horario de votación será de 9:00 h a 21:00 h ininterrompidamente.
- c. Poderase exercer o voto por correo electrónico entre os días 5 e 6 de xaneiro.

## **3. Cal é o procedemento para a votación presencial?**

- a. Cada votante poderá marcar na papeleta un máximo de 6 candidatos/as, coa fin de lograr pluralidade na conformación da lista resultante. En cada papeleta poderase escoller un máximo de 6 candidato/as que deberán ser ordeados por orde de preferencia. As votacións serán calculados según o método Dowdall que se explica máis adiante.
- b. Cada persoa deberá votar por 3 homes e 3 mulleres para favorecer a igualdade de xénero. As papeletas que non cumpran esta condición serán consideradas nulas.
- c. A papeleta para votar o/a candidato/a para á alcaldía será a mesma que para votar o resto de candidatos/as que conformen a listaxe. Aparecerán nas papeletas diferenciados ou á parte os nomes das persoas que se postulan como candidatas á alcaldía, de xeito que a votación xeral conformará a lista resultante e a dos/as candidatos/as á alcaldía sería computada por separado.
- d. Combinaranse dúas formas de votación: a presencial e a telemática (en función dos recursos técnicos dispoñibles). Procuraranse todos os medios ao alcance da Marea pra garantir que as votacións sexan auténticas, non duplicadas e documentables.

## **4. Cal é o procedemento para a votación por correo?**

- a. O voto rexirase polas mesmas normas que o voto presencial en cuanto as correccións de número e xénero.
- b. O voto será enviado ao correo electrónico facilitado para a ocasión polo Comité de Primarias.
- c. A papeleta consistirá nun pdf adxunto e deberá constar da seguinte estrutura:

**Alcaldía:** NOME DO CANDIDATO. **Lista xeral:** 1º NOME DO CANDIDATO, 2º NOME DO CANDIDATO, 3º NOME DO CANDIDATO, 4º NOME DO CANDIDATO, 5º NOME DO CANDIDATO, 6º NOME DO CANDIDATO

d.No corpo da mensaxe debe constar o NOME E APELIDOS do votante e unha copia escaneada do seu documento de identidade.

e.O comité de Primarias verificará que o votante estea no censo e descargarán os votos adxuntos que só serán abertos e contabilizados no momento das votacións.

f.O comité de Primarias elaborará un exemplo didáctico sobre cómo exercer o voto por correo.

## **5. Quen pode participar de interventor?**

a. Poderán participar como interventores todos os/as asinantes da marea.

b. Deberán enviar unha solicitude ao comité de Primarias antes do día 5 de Marzo coa finalidade de que o comité distribúa a súa participación ao longo do día.

## **E/ CANDIDATURA FINAL**

### **1. Como se fai o sistema de recuento?**

a. O recuento dos votos será feito no momento do peche das urnas. Deberán estar presentes nese momento un mínimo de 3 persoas pertencentes ao Comité de Primarias.

b. Aplicarase o método Dowdall no que cada candidato/a acumula os puntos e/ou fraccións de puntos recibidos de cada elector/a. Explícase no **ANEXO I**.

c. A lista resultante será condicionada pola corrección de xénero, procurando a máxima paridade e tendo como límite a proporción 60 / 40% e a relación por tramos da lista oficial que establece a lei.

### **2. ¿Cando se coñecerá o resultado das votacións?**

a. Tras o recuento abrirase un prazo de 3 días para posibles reclamacións ante a Comisión de Primarias.

b. No caso de non se obter o número de persoas suficientes para completar a candidatura realizarase un plenario extraordinario para completar a lista con outras persoas participantes da Marea de Vigo.

**c.** No caso de non haber o número de mulleres suficientes que garantan a paridade de xénero realizarase un plenario extraordinario para completar a lista con outras mulleres participantes da Marea de Vigo.

**d.** O día 11 de Marzo farase pública a candidatura da Marea de Vigo.

## ANEXO I

O **método Dowdall** é un método derivado do método Borda, a diferenza reside en que no método Borda os dous primeiros postos da lista repártense o 35% dos puntos outorgados, mentres no Dowdall repártense o 50%, facilitando así a representación das opcións minoritarias.


Os candidatos/as recibirán puntos según a súa posición no voto emitido por cada elector/a. Co o obxecto de garantir a influencia efectiva de cada voto individual e asegurar a equidade entre as diferentes sensibilidades, procederase a asignar puntos e fracciónes de puntos aos candidatos/as según a seguinte tabla de equivalencias e cun cálculo sobre 3 decimais:

Posición na lista	Puntos recibidos
Primeiro lugar	1 punto entero
Segundo lugar	1 /2 punto
Terceiro lugar	1 /3 de punto
Cuarto lugar	1 /4 de punto
Quinto lugar	1 /5 de punto
Sexto lugar	1 /6 de punto

Pomos un exemplo explicativo do funcionamento deste método. Neste caso hipotético atopámonos con 3 bloques cos seguintes votos:

	A= 100 votos	B=60 votos	C=40 votos
1º	100 1º	60 2º	40 4º
2º	50 3º	30 6º	20 8/9/10º
3º	33 5º	20 8/9/10º	13 13º
4º	25 7º	15 12º	10 15/16º
5º	20 8/9/10º	12 14º	8 17º
6º	17 11º	10 15/16º	7 18º

A lista resultante respetaría unha maior pluralidade, integrando de forma alterna as diferentes sensibilidades. O seguinte gráfico representa o valor asignado a cada votante segundo a orde de preferencia sobre o total do voto emitido:



ANEXO II

**COMPROMISOS COA MAREA**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

D.N.I. \_\_\_\_\_ Con domicilio en : \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_, Tlf.: \_\_\_\_\_

Declara :

Asumir o **código ético** e o **programa electoral** da Marea de Vigo. No caso de inclumprir algún destes dous principios básicos asumo o compromiso de abandonar todo cargo na Marea de Vigo.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

Asinado:



**ANEXO III**

**ACTA DE AVAIS DE SEIS MEMBROS ACTIVOS NA MAREA DE VIGO.**

Os seguintes membros activos da Marea de Vigo:

<i>Nome e apelidos</i>	<i>DNI</i>
1º _____	_____
2º _____	_____
3º _____	_____
4º _____	_____
5º _____	_____
6º _____	_____

Avalan a \_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_ para ser candidato/a ao proceso de primarias abertas da  
Marea de Vigo.

Sinaturas